

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

E. Moscoso Mato (2008): “A forma verbal *cantara* no *Cancioneiro da Ajuda* e na *Crónica de Santa María de Iria*”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 561-569.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

## A FORMA VERBAL *CANTARA* NO *CANCIONEIRO DA AJUDA* E NA *CRÓNICA DE SANTA MARÍA DE IRLA*

**Eduardo Moscoso Mato**

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

A comezos do ano 1973, o profesor Antón Santamarina defendía a súa tese de doutoramento, na que estudaba a fala do Val de Suarna. Este e outros traballos da mesma época, que se realizaron na Facultade de Filosofía e Letras da universidade compostelá, inauguraban unha prolífica liña de investigación sobre falas galegas que, sen dúbida, serviron de base para importantes traballos futuros sobre diferentes aspectos da gramática da nosa lingua, e dos que somos debedores os que actualmente tentamos afondar algo máis na análise dela.

Como é ben coñecido, no ano 1974 o profesor Santamarina publicaba un tratado sobre o verbo na fala do Val de Suarna (Santamarina, 1974) partindo dos datos que ofrecía na súa tese de doutoramento e froito, en último termo, das entrevistas realizadas a informantes deste val. Entre outros moitos aspectos que a día de hoxe seguen a ser moi interesantes para nós, queremos agora destacar que, a partir dos datos obtidos, non dubida Antón Santamarina de que as formas verbais *cantara* e *cantase* son totalmente intercambiabes cando funcionan con valor de subxuntivo:

De casos como los mencionados, por extensión analógica, se convierte la ecuación en reversible, es decir, *-se=-ra*, con lo cual, actualmente, todas las formas en *-se* son susceptibles de sustitución por *-ra*, sin que el sentido de frase se altere en nada, ni siquiera en lo afectivo. (Lo contrario, todo *-ra=-se*, no es verdadero) (Santamarina, 1974: 114).

Esta existencia de dúas formas equivalentes (*cantara/cantase*) para o chamado pretérito de subxuntivo é unha evidencia indiscutible no galego falado actual, repetida

por moitos dos estudosos que se enfrontaron á descrición de diversas falas galegas. De feito nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* recoñécese o uso das formas en *-ra* como pretérito de subxuntivo, aínda que se aconsella unicamente o uso das formas en *-se* con este valor, reservando as formas en *-ra* para o antepretérito de indicativo, sen entrar na explicación do motivo de tal recomendación (Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega, 2003: 110).

O recoñecemento desta realidade no galego actual atopámolo tamén en gramáticas relativamente recentes, como a de Álvarez e Xove (2002: 301), que sinalan a existencia das formas *cantara* e *cantase* como pretérito de subxuntivo co valor modal de subxuntivo irreal. Pola contra, outros estudos actuais non aceptan o uso da forma *cantara* como subxuntivo e indican que debe usarse esta unicamente con valor de antepretérito, mentres que a única de pretérito de subxuntivo debe ser a forma en *-se*:

Tanto na fala como na lingua literaria as formas de antepretérito (*-ra*) e de pretérito de Subx. (*-se*) conflúen, por interferencia do español, nos valores deste último ('raísmo' ou uso de *-ra* por *-se*), coincidencia que debe ser totalmente rexeitada desde o modelo de lingua culta que se está a conformar (Freixeiro, 2000: 358).

O que si resulta evidente é que este novo uso da forma *cantara* como pretérito de subxuntivo é unha innovación romance, pois no latín estaba perfectamente clara a distinción modal entre *AMAVERAM* (>*amara*) e *AMAVISSEM* (>*amase*), aínda que puidesen ter o mesmo valor temporal (pero non modal) en ocasións, tal como podemos observar no seguinte esquema ofrecido en Veiga (1989: 443):

	indicativo	potencial	irreal
/presente/	<i>amo</i>	<i>amem</i>	
/futuro/	<i>amabo</i>		
/co-pretérito/	<i>amabam</i>	<i>amarem</i>	
/pretérito/	<i>amaui</i>	<i>amauerim</i>	
/ante-futuro/	<i>amauero</i>		
/ante-pretérito/	<i>amaueram</i>	<i>amauissem</i>	

Unha vez constatado este cambio no valor de *cantara* ó longo da súa historia, resultaría interesante, mesmo para saber con certeza se se trata dun castellanismo, coñecer a cronoloxía desta mudanza. Para o castelán existen numerosos traballos sobre

este aspecto<sup>1</sup>. Non coñecemos ningunha monografía sobre a historia deste cambio en galego, pero si hai estudos que fan referencia a el de xeito máis ou menos directo<sup>2</sup>.

Aínda a falta de traballos monográficos que afonden neste aspecto, a simple lectura da prosa medieval galega pon en evidencia que, naquela altura, xa existían casos de uso da forma *cantara* con posible valor subxuntivo, uso nos que esta forma, polo tanto, sería equivalente e conmutable por *cantase*<sup>3</sup>. Poden servir como exemplos os seguintes:

- (1) -Fezestes muy mal en tornaruos aca tã agina; ca, se nos (se nos) **d[e]rades** hũu pouco de vagar, gaanaramos tã grãdes riquezas que senpre foramos ricos et avondados (Lorenzo, 1975, I: 42).
- (2) Et por ende teño que el que he sen pecado et nõ ha por que temer nehũa cousa, ca se nós **deramos** Anssiona, nõ fora rroubada nõ tomada Elena (Lorenzo, 1985: 290).

Porén, a observación de exemplos deste tipo nos textos galegos medievais só serve para constatar a súa existencia. Sería desexable afondar moito máis e coñecer datos sobre a porcentaxe, cronoloxía, tipo de textos, tipo de construcións..., todo iso referido a usos subxuntivos de *cantara*.

Obviamente, nun traballo das reducidas dimensións que debe ter o que agora nos ocupa, non é posible responder a todas estas interrogantes. Aínda así, pareceunos que era posible achegar algún dato sobre este aspecto. Con esta finalidade decidimos analizar os usos da forma *cantara* en dúas obras que se corresponden cronoloxicamente cos primeiros e últimos textos medievais galegos coñecidos. Por unha parte analizamos o *Cancioneiro da Ajuda*<sup>4</sup>, corpus poético que, pola súa cronoloxía, constitúe, de entre os conservados, o primeiro texto de certa extensión escrito en lingua galega; e por outro lado fixámonos na *Crónica de Santa María de Iria*<sup>5</sup>, texto en prosa que data de finais da Idade Media. Estamos ante dúas obras de carácter ben distinto e separadas cronoloxicamente por case dous séculos.

1 Entre outros merecen atención os de Luquet (1988) e Veiga (1996).

2 Son os casos de, entre outros, os de Xove (1977), Monteagudo (1982) ou Veiga (1991).

3 Ademais da simple observación, temos os datos que nos ofrecen traballos como os de Xove (1977) ou Monteagudo (1982), que, sen teren por obxectivo prioritario a análise do uso desta forma, nos informan da existencia de construcións, no galego medieval, con formas en *-ra* conmutables por formas en *-se*.

4 Usamos a versión informatizada que o profesor Xavier Varela Barreiro preparou a partir da edición inédita semipaleográfica da Dra. Dña. Mariña Arbor Aldea. Sirva esta mención como agradecemento a ambos os compañeiros por permitiren que nos servisemos do seu traballo para a elaboración deste artigo.

5 Seguimos a edición de Souto (2001).

O *Cancioneiro da Ajuda* é un texto de finais do século XIII constituído principalmente por cantigas de amor. A súa extensión é de algo máis de 40.000 palabras, das cales estimamos que son verbos uns 8.000<sup>6</sup>. Unicamente atopamos neste corpus 66 formas do tipo *cantara*, e só en 9 deses casos estamos ante o valor de antepretérito de indicativo. Sirvan como exemplos os tres casos que se atopan na seguinte cantiga:

(3) DEs que uus eu ui mia  
 sennor me uen. o mui grand  
 affan. e o muito mal. que ei  
 por uos pero direi uus al an  
 te que uus eu uisse doutra  
 rem. Sei que non **uira** ta  
 manno prazer. como ueiora  
 uos ueer.  
 Desde uus ui sei que e mayor  
 coita do mund est a que por uos ei.  
 po auen mio que u9 ar direi  
 ante que uus eu uisse mia senōr  
 Sei que nō **uira** tamanno prazer.  
 Des que uus eu ui mia sennor me deu  
 gran coita des cada que u9 nō ui.  
 e gran pesar mas po quemiasse  
 de uos auen ante que uos uisseu  
 Sei que non **uira** tamanno prazer  
 E deseiandeu aqieste prazer  
 desde u9 nō uir me fara morrer.  
 (56v (190), b<sup>7</sup>)<sup>8</sup>

Sen dúbida as propias características narrativas deste corpus fan que non se precise botar man case nunca da referencia temporal de antepretérito, e por iso son tan escasas estas formas verbais. O mesmo sucede cos antepretéritos compostos (do tipo *auia cantado*), que só aparecen en tres casos.

Nas 57 ocasións restantes en que atopamos unha forma *cantara*, estamos tamén ante un contido modal de indicativo (normalmente irreal, neste caso), pero cun contido temporal equivalente ó que presenta o pospretérito (*cantaría*), polo que en todas

6 Esta cantidade non corresponde a un cómputo exhaustivo, senón que é unha estimación feita, en diversas calas ó longo do texto, a partir do cálculo da porcentaxe de verbos en relación co número total de palabras.

7 Os dous primeiros caracteres fan referencia ó folio no que aparece o exemplo (número de orde e lado *r* (recto) ou *v* (volto)). Entre paréntese figura o número de páxina do cancionero segundo a edición de Carter (1941). Finalmente as letras <a> ou <b> fan referencia á primeira ou segunda columna.

8 Este exemplo correspóndese coa cantiga 44,1ter da edición de Brea (1996).

estas situacións podería conmutarse *cantara* por *cantaría*. Vinte e unha destas ocorrencias aparecen en apódoses das condicionais, xeralmente expresando un contido modal de irrealidade no pasado:

(4) E mia señor se eu morte pñdesse  
aquele primeiro día en que u9 uij.

**fora** meu ben. mais nō quis de9 assi.

(10r (97?), a)<sup>9</sup>

(5) u a p<sup>i</sup>meiramente ui.

mui fremosa se eu daly.

fogisse e nō ar tornasse y

assi **podera** mais uiuer

mas nō cuidei que foss assi.

(54r (185), a)<sup>10</sup>

Outros trinta casos aparecen en oracións de moi diverso tipo: principais, causais, consecutivas, temporais, substantivas, adxectivas...:

(6) Djrei uos que mia uēo mia  
sennor y logo quando meu deuos qui

tey. ouue por uos fremosa mia señor

amorrer τ **morrera** mais cuydey

que nunca uos ueeria desi. se mor

resse e poresto non morri.

(36v (150), a)<sup>11</sup>

(7) Mais mia señor fuy desaueturado

u me u9 dñ fez p<sup>m</sup>ero ueer.

que me non fez log y morteprender.

ca p aquesto **fora** eu guardado

ou por p<sup>d</sup>er sennor enton o sen.

(22r (121), b)<sup>12</sup>

(8) Nostro sennor deus

e por que neguei

a mia sennor quando a eu ueer podia

e lle **podera** dizer muitas coitas que

por ela leuei.

(33r (143), a)<sup>13</sup>

9 Pertence á cantiga 97,1 da edición de Brea (1996).

10 Pertence á cantiga 72,17 da edición de Brea (1996).

11 Pertence á cantiga 148,5 da edición de Brea (1996).

12 Pertence á cantiga 125,52 da edición de Brea (1996).

13 Pertence á cantiga 148,10 da edición de Brea (1996).

Finalmente, atopamos media ducia de exemplos nos que aparece unha forma en *-ra* para expresar, dun xeito cortés, o desexo de realizar algún tipo de acción. Nestes casos tamén é posible a conmutación por *cantaría*:

- (9) **quisera** meu que fossassi.  
(38r (153), b)<sup>14</sup>

O que non atopamos son casos de *cantara* con valor de subxuntivo e conmutables, xa que logo, por *cantase*, como aparecen no galego moderno. Pola contra si son abundantes os casos (296 concretamente) de *cantase* para a expresión dunha acción pasada no subxuntivo (hipotético ou irreal). Segundo Veiga (1991 e 1996), e referido tanto ó castelán coma ó galego, o proceso polo cal *cantara* pasa a usarse no lugar de *cantase* comeza nas prótases condicionais cando na apódose tamén aparece unha forma en *-ra*. Xa sinalamos que no *Cancioneiro de Ajuda* aparecen 21 casos (entre eles os exemplos que numeramos como 4 e 5) con apódoses en *-ra*, pero en ningún caso o autor se decanta por un uso en *-ra* tamén na prótase.

Tamén nos indica Veiga que o proceso histórico de mudanza modal de *cantara* pasou polas seguintes fases: IND Ø → IND 2 → SUBX 2 → SUBX Ø (Veiga 1991: 528). Dito doutro xeito: a forma *cantara*, que orixinariamente se usaba para expresar unha acción real de antepretérito, pasa a usarse tamén para expresar accións irrealis (os exemplos 4 e 5 anteriores e os 19 semellantes que atopamos no *Cancioneiro da Ajuda*). A partir da expresión deste contido irreal no indicativo, en certos contextos de neutralización entre indicativo e subxuntivo a forma *cantara* pasa a usarse en construcións que expresan irrealidade e para as que ata ese momento se usaba a forma verbal *cantase*. Finalmente, despois de subxuntivarse totalmente, a forma en *-ra* pasa a ser válida para a expresión tanto da irrealidade coma da hipótese no subxuntivo. Pois ben, segundo o comportamento modal que nos presenta a forma *cantara*, o *Cancioneiro da Ajuda* estaría no segundo momento desta evolución: atopamos casos de *cantara* con contido modal de irrealidade, pero só no indicativo.

Esta ausencia de formas de *cantara* conmutables por *cantase* é propia de máis textos galegos medievais. Nun traballo ó que xa nos referimos máis arriba, Xove Freire (1977) fai un exhaustivo estudo dos usos verbais nas cantigas de escarnio. Nel indícanos que a forma *cantara* se mantén nos usos de indicativo e só presenta valor subxuntivo en casos illados (Xove, 1977: 57). De feito atopa só tres casos susceptibles de seren considerados usos subxuntivos de *cantara*. Trátase de tres posibles próteses condicionais con *-ra*. Porén, debe ser sinalado que, cando menos dous destes casos

14 Pertence á cantiga 152,5 da edición de Brea (1996).

son dubidosos, xa que sería posible considerar que a conxunción *se* non ten valor condicional<sup>15</sup>.

Tendo en conta que parece verosímil, como xa se indicou, que a aparición de casos de *cantara* con valor subxuntivo comezase nas prótases condicionais, pode ser interesante que nos refiramos ó traballo de Monteagudo Romero (1982). Trátase dun estudo sobre as oracións condicionais en varios textos do galego medieval, tanto de verso coma de prosa. Segundo nos di o autor, só atopa 64 construcións do tipo “*se tivera, dera*” e outras 13 coa prótase do tipo “*se tivera*” e apódose co verbo nunha forma diferente a *dera*. Trataríase de casos nos que estaríamos próximos ó terceiro paso evolutivo do que nos fala Veiga (1991: 528), aínda que quizais non poida ser considerado que a forma en *-ra* da prótase teña un valor de subxuntivo, senón que máis ben sería a expresión dun arquivador modal “indicativo/subxuntivo” nun contexto de neutralización desta oposición. En todo caso, estas construcións supoñen un estadio evolutivo máis avanzado que o atopado no *Cancioneiro da Ajuda*.

Pero cómpre sinalar que estes exemplos non aparecen por igual en todas as obras analizadas. Segundo Monteagudo, as 64 construcións do tipo “*se tivera, dera*” aparecen maioritariamente na *Traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* (18 casos) e na *Historia Troiana* (42 casos), mentres que son esporádicas nas *Cantigas D’escarnho e de Mal Dizer* (2 casos) e na *General Estoria* (2 casos). Non atopa construcións deste tipo nos *Miragres de Santiago* nin nas *Cantigas de Santa María*. Aínda sen desbotar a posibilidade de que en calquera destas obras poida atoparse algún exemplo de uso subxuntivo de *cantara* en oracións non condicionais, o que parecen indicarnos estes datos é que a maior ou menor existencia deste tipo de construcións vén dada máis polo tipo de obra que pola súa cronoloxía. Así, as obras en verso case non presentan casos deste tipo, mentres que son moito máis abundantes nas obras históricas en prosa, e especialmente naquelas que son traducións do castelán<sup>16</sup>.

15 Non podemos deternos a dar unha explicación en detalle das razóns que nos levan a dubidar de que esteamos ante formas equivalentes a *cantase*. En todo caso estas mesmas dúbidas xa foron sinaladas por Monteagudo (1982: 128). Por se se queren consultar estes tres casos, ofrecemos o lugar en que se poden atopar na edición de Brea (1996): penúltimo verso da cantiga 25,130; verso 13 da cantiga 30,33 e verso 15 da cantiga 66,1.

16 Aínda sen desbotar a influencia do castelán nas obras galegas, consideramos que é preciso facer estudos máis exhaustivos dun maior número de obras medievais galegas e portuguesas, para así podermos saber con certeza como foi o proceso de cambio de valores da forma *cantara* en galego. Ademais das obras literarias, a análise dun bo número de documentos notariais, procedentes de épocas e lugares diferentes, poden darnos moita luz sobre este aspecto. Monteagudo (1982: 126) tamén fai referencia á posible influencia do castelán, aínda que de seguido expón unha serie de argumentos que o fan afastarse desta consideración.



E todo este panorama máis ben complexo non se ve para nada iluminado polos datos que extraemos da análise da *Crónica de Santa María de Iria*<sup>17</sup>. Tampouco neste texto atopamos casos de *cantara* conmutables por *cantase*. Pero é máis, nin sequera nesta obra de finais do XV aparecen casos de *cantara* conmutables por *cantaría*, que, lembremos, si aparecían no *Cancioneiro da Ajuda*. Os 64 casos atopados de formas en *-ra* responden unicamente ó valor de antepretérito<sup>18</sup>. Parece, xa que logo, que os datos que nos ofrece este texto nos sitúan nun momento evolutivo anterior ó do *Cancioneiro da Ajuda*. Na *Crónica de Santa María de Iria* xa non é común o uso de *cantara* como expresión da irrealidade no indicativo, senón que o contido que expresa esta forma vén sendo o mesmo que expresaba o latín por medio de *amaueram*.

Polo tanto, e xa para finalizar, da análise destas dúas obras medievais non é posible extraer datos que nos dean luz sobre a cronoloxía nin sobre as causas do proceso de subxuntivación de *cantara*. Aínda que si coñecemos casos de usos medievais de *cantara* como equivalentes a *cantase*, non se atopan en ningunha das dúas obras analizadas, unha de finais do XIII e outra da segunda metade do XV. Cómpre, pois, facer unha análise máis exhaustiva de textos medievais, literarios e notariais, galegos e portugueses, para podermos establecer con certeza a cronoloxía do proceso de subxuntivación de *cantara* en galego e poder valorar acertadamente o posible influxo que a lingua castelá puido ter neste proceso.

## Bibliografía

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Brea, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana GalegoPortuguesa*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia. 2 volumes.
- Carter, Henry H. (ed.) (1941): *Cancioneiro da Ajuda. A diplomatic edition*. New York / London: Modern Language Association of America / Oxford University Press. [Reimpreso en 1975 en New York: Kraus Reprint Co.].
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Lorenzo, Ramón (ed.) (1975): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos. 2 volumes.
- Lorenzo, Ramón (ed.) (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.

17 Neste caso estamos ante unha obra composta por algo máis de 14.000 palabras. Atopámonos, xa que logo, ante un texto moito menos extenso ca *O Cancioneiro da Ajuda*.

18 Ademais tamén se expresa este valor de antepretérito por medio da forma *auia cantado* en 3 casos.

- Luquet, Gilles (1988): *Systematique historique du mode subjonctif espagnol*. Paris: Klincksieck.
- Monteagudo Romero, José Enrique (1982): *Construções condicionais no galego medieval*. Tese de Licenciatura (inérita). Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Filoloxía.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2003<sup>18</sup>): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*.
- Santamarina, Antonio (1974): *El verbo gallego*. Anexo 4 de *Verba*. Santiago: Universidade.
- Souto Cabo, José António (ed.) (2001): *Rui Vasques. Crónica de Santa María de Íria*. Santiago: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos.
- Veiga, Alexandre (1989): “Sobre a reorganización das oposicións temporais en subxuntivo e subxuntivo irreal na diacronía do verbo hispánico”, in Ramón Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989)*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, volume V, pp. 435-466.
- Veiga, Alexandre (1991): “Sobre a decadencia do subxuntivo en próteses condicionais en galego e español e a subxuntivación de *cantara*”, in Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago: Universidade, vol I, pp. 497-539.
- Veiga, Alexandre (1996): *La forma verbal española cantara en su diacronía*. Anexo 2 de *Moenia*. Santiago: Universidade.
- Xove Ferreiro, Xosé (1977): *A temporalidade verbal nas “Cantigas D’escarnho e de Mal Dizer”*. Tese de Licenciatura (inérita). Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Filoloxía.